

ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO COMO FUNCIONARIO/A DE CARREIRA POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE (OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2023).

Reúnese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 574/2024 do 22/04 para proceder á resolución das alegacións presentadas no prazo concedido de 5 días hábiles a contar a partir da publicación da acta en relación ao primeiro exercicio do procedemento de selección dunha praza de auxiliar administrativo como funcionario/a de carreira polo procedemento de oposición libre (Oferta de Emprego Público de 2023) conforme ás bases de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía nº337/2024 do 08/03.

O Tribunal de selección procede a reunirse de xeito telemático mediante videoconferencia ao amparo do previsto no artigo 17 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do previsto nas propias bases de selección. Previamente, aos diferentes membros do Tribunal de Selección se lles deu traslado das diferentes alegacións que foron presentadas e que aquí se analizan a través de correo electrónico por parte do Secretario do Tribunal.

Data da sesión: 07/06/2024
Hora de inicio: 12:30 horas.
Hora de finalización: 14:00 horas.

Asistentes:

D. Carmen Sanmillán Villar (Presidenta).
Dª. Ana María Cacharrón Castelos (1ª vogal).
D. Raul Martínez Martínez (2º vogal).
Dª.Laura Gutierrez Ortíz (3ª vogal).
D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

O Secretario do Tribunal da conta aos restantes membros do mesmo das diferentes alegacións presentadas e que xa foron no seu día remitidas a todos os membros do Tribunal para o seu estudo:

-Alegación presentada por Dª. Paula Martínez Cereijo con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001218) advirte que na plantilla de corrección do exame na pregunta 43 figura como correcta a resposta b) cando debería ser a c) solicitando que se teña en conta e se proceda a modificar a súa cualificación contándolle a pregunta 43 como correcta.

-Alegación presentada por Dª. Lia Peón Carracelas con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001221) considera que na pregunta 31 segundo a plantilla de corrección do exame a resposta correcta sería a c) pero que a resposta b) tamén sería correcta, por considerar que a mesma tería que ter especificado que o apoderado da persoa xurídica actúa no nome desta. Do mesmo modo considera de igual forma que na pregunta 43 na plantilla figura como resposta correcta a b) cando debería ser a c).

-Alegación presentada por Dª. Marlén González Amado con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001223) quen alega que a pregunta 43 na plantilla figura como resposta correcta a b) cando debería ser a c) e por outro lado que na pregunta 3 ningunha nas respostas propostas é correcta polo que solicita a anulación desta pregunta.

-Alegación presentada por D. Sergio Suárez Pose con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001229) quen alega que na acta do Tribunal figura con un 4.65 pero que lle correspondería un 4.70 por considerar que ten ben contestadas 27 preguntas, mal 14 e sen contestar 9. Por outro lado igualmente alega en relación á pregunta 3 que non existe ningunha resposta correcta e que na pregunta 43 se deu como correcta a resposta b) cando debería ser a c).

-Alegación presentada por Dª. María Jesusa Castro Sucasas con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001230) que alega que na pregunta 43 se deu como correcta a resposta b) cando debería ser a resposta c).

-Alegación presentada por D. Jorge Vázquez Liñeira con data de 02/06/2024 (RE nº 202499900001243) quen alega que a pregunta nº 23 na plantilla de corrección do exame figura como

resposta correcta a c) pero que atendendo á literalidade do artigo 81.2 da LPAC a resposta b) tamén sería correcta. Que na pregunta nº 24 na plantilla de corrección do exame figura a resposta b) como resposta correcta pero atendendo á literalidade do art. 107 da LPAC a resposta c) tamén sería correcta. Que na pregunta 31 na plantilla de corrección do exame figura a resposta c) como resposta correcta, pero atendendo ao artigo 14.2 da LPAC a resposta d) tamén sería correcta. Na pregunta 43 na plantilla de corrección figura como resposta correcta a b) cando sería a c). Finalmente a pregunta reserva nº 1 considera que na plantilla de corrección figura como resposta correcta a b) pero atendendo ao artigo 57.2 da Lei de Subvencións de 2003, esta non sería correcta ao indicar un prazo de ata 5 anos e non de tres como indica a resposta b) do exame. Considerando que o mesmo ocorre coas outras opcións de resposta que ningunha axústase ao articulado da Lei.

-Alegación presentada por D^a. Natividad Pulleiro Liste con data de 3/06/2024 (RE nº 202499900001257) quen alega que na plantilla de corrección do exame se establecía como resposta correcta da pregunta 43 a b) cando debería ser a c).

-Alegación presentada por D^a. María Belén Díaz Sixto con data de 04/06/2024 (RE nº 202499900001278) na que alega que na pregunta 3 ningunha das respostas é correcta e que na pregunta 43 na plantilla de corrección se establecía como correcta a resposta b) cando debería ser a c).

-Alegación presentada por D. Francisco Javier Figueiras Figueroa coa data de 04/06/2024 (RE nº 202499900001280) na que alega que na pregunta 3 ningunha das respostas é correcta. Solicita igualmente a anulación da pregunta 24 xa que na plantilla de corrección do exame se estableceu como resposta correcta a b) considerando o alegante á vista do previsto no artigo 106.3 da LPAP que o enunciado da pregunta omite que órgano competente ten a potestade de acordar a inadmisión polo que a resposta b) é claramente imprecisa e non se corresponde coa vontade expresada polo lexislador na súa redacción. Igualmente en relación á pregunta 25 que na plantilla de corrección do exame se estableceu como resposta correcta a b) conforme ao previsto no artigo 98.2 da LPAC no enunciado da pregunta se omite cal é a clase de órgano competente, polo que a resposta b) a xuízo do alegante é claramente imprecisa e non se corresponde coa vontade expresada polo lexislador na súa redacción. Finalmente alega que na pregunta 43 na plantilla de corrección de respostas se estableceu como resposta correcta a b) cando debería ser a c).

-Alegación presentada por D. Sergio Suárez Pose con data de 5/06/2024 (RE nº 202499900001281) presenta de novo a mesma alegación que xa presentara con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001229).

Logo do análise das alegacións presentadas o Tribunal de Selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO: En relación á alegación presentada por Paula Martínez Cereijo con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001218) efectivamente compróbase polo Tribunal que existiu un erro na plantilla de corrección do exame de tal forma que na pregunta número 43 se deu como válida a resposta b) cando a resposta correcta era a c). Á vista diso o Tribunal acorda proceder a corrixir de novo todos os exercicios con este troco.

SEGUNDO: En relación á alegación presentada por D^a. Lia Peón Carracelas con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001221), respecto da impugnación da pregunta 31 segundo a reclamante, a opción d) tamén sería válida (é dicir incorrecta), o Tribunal considera que debe rexeitarse esta alegación xa que logo dita opción d) resulta correcta (e por tanto inválida como resposta) xa que o funcionario do Concello de Oroso actúa de forma particular como avogado, polo que, en aplicación do previsto no artigo 14.2 da LPAC, está obrigado a relacionarse de xeito electrónico coa Administración. En relación á pregunta 43 o Tribunal remítese ao acordado no punto primeiro.

TERCEIRO: En relación á alegación presentada por D^a. Marlén González Amado con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001223), polo que se refire á pregunta 43 o Tribunal se remite ao acordado no punto primeiro. Polo que se refire á pregunta 3 onde se alega que ningunha das respostas é correcta, efectivamente o Tribunal de Selección comproba que ningunha das respostas é correcta polo que acorda anular a pregunta 3 e proceder a corrixir a totalidade dos exercicios coa pregunta nº 1 de reserva.

CUARTO: En relación á alegación presentada por D. Sergio Suárez Pose con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001229), o Tribunal comproba que a puntuación inicial de 4,65 outorgada é

correcta, xa que comproba que o aspirante ten un total de 27 preguntas correctas, 15 incorrectas e non 14 como afirma o alegante no seu escrito e 8 en branco e non 9 como afirma o alegante no seu escrito, polo que procede desestimar esta alegación mantendo a puntuación de 4,65 sen prexuízo das modificacións que se realicen como consecuencia doutras alegacións presentadas e estimadas. Polo que respecta a alegación da pregunta 43 o Tribunal remítese ao acordado no punto primeiro e respecto da alegación á pregunta 3 o Tribunal remítese ao acordado no punto terceiro.

QUINTO: En relación á alegación presentada por D^a. María Jesusa Castro Sucasas con data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001230) o Tribunal de Selección remítese ao acordado no punto primeiro.

SEXTO: Alegación presentada por D. Jorge Vázquez Liñeira con data de 02/06/2024 (RE nº 202499900001243) en relación á impugnación da pregunta 23 o Tribunal considera que en contra do aducido polo alegante, a resposta b) é incorrecta. De acordo co artigo 81.2 da LPAC, permítese á lexislación autonómica establecer unha contía diferente dos 50.000euros indicados no citado artigo 81.2 da LPAC. O enunciado coa letra b) non permite esta facultade que a LPAC recoñece á lexislación autonómica para establecer as contías por riba das cales resulta preciso o ditame do órgano consultivo correspondente, polo tanto o Tribunal acorda a desestimación da alegación presentada. Polo que respecta á impugnación da pregunta 24 alégase que a resposta c) tamén sería válida. O Tribunal considera que debe rexeitarse esta alegación pola razón de que dita proposición afirma que o xulgado do contencioso dispón dun prazo de catro anos para ditar a declaración de lesividade, o cal resulta incorrecto, pois dita declaración corresponde á Administración que ditara o acto, como presuposto para a impugnación ante a xurisdición contenciosa (art. 107.1 LPAC). Polo tanto o Tribunal acorda a desestimación desta alegación.

Respecto da impugnación da pregunta 31 segundo o reclamante, a opción d) tamén sería válida (é dicir incorrecta) o Tribunal considera que dita opción d) resulta correcta (e por tanto inválida como resposta) xa que o funcionario do Concello de Oroso actúa de forma particular como avogado, polo que, en aplicación do previsto no artigo 14.2 da LPAC, está obrigado a relacionarse de xeito electrónico coa Administración, polo tanto o Tribunal acorda desestimar esta alegación.

Polo que respecta á pregunta 43 o Tribunal remítese ao acordado no punto primeiro.

Finalmente respecto da impugnación da pregunta nº 1 de reserva, a pregunta se refire á infracción grave recollida no artigo 57 b) da Lei 38/2003, General de Subvenciones, levando estas infraccións apareladas calquera das sancións recollidas no artigo 62 da citada lei; polo que, no caso que nos ocupa a resposta b) é correcta por conter a sanción establecida no artigo 62.2 a), en canto á Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se ben o artigo 57.3 recolle de forma xenérica o seguinte: “as sancións non pecuniarias, que se poderán impoñer en caso de infraccións graves ou moi graves, poderán consistir:

a) Na perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avales das administracións públicas ou outros entes públicos.

b) Na perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora en relación coas subvencións reguladas na presente Lei.

c) Na prohibición durante un prazo de ata cinco anos para contratar coas administracións públicas”

O artigo 60.2 específico das sancións por infraccións graves recolle o prazo de ata tres anos en todos os casos para este tipo de infraccións. Polo que o específico prevalece ante o xeral, de ser interpretado doutro xeito se estaría incumprindo un precepto lexislado especificamente para as sancións por infraccións graves. A vista disto o Tribunal acorda desestimar esta alegación.

SÉTIMO: Con respecto da alegación presentada por D^a. Natividad Pulleiro Liste con data de 3/06/2024 (RE nº 202499900001257) o Tribunal remítese ao acordado no punto primeiro.

OITAVO: Polo que respecta á alegación presentada por D^a. María Belén Díaz Sixto con data de 04/06/2024 (RE nº 202499900001278), respecto da impugnación da pregunta 3 o Tribunal remítese ao xa acordado no punto terceiro e respecto da impugnación da pregunta 43 o Tribunal remítese ao xa acordado no punto primeiro.

NOVENO: Respecto da alegación presentada por D. Francisco Javier Figueiras Figueroa coa data de 04/06/2024 (RE nº 202499900001280), en relación á impugnación da pregunta 3 o Tribunal remítese ao xa acordado no punto terceiro. Polo que respecta á impugnación da pregunta 24 o Tribunal non comparte a apreciación do alegante de que a resposta b) sexa claramente imprecisa e non se corresponda coa vontade expresada polo lexislador na súa redacción, entendendo que está perfectamente formulada e polo tanto que procede rexeitar esta alegación.

En canto á impugnación da pregunta 25 o Tribunal considera que o feito de que o artigo 98.2 da LPAC non especifique cal debe ser o órgano competente da Facenda Pública o que determine que outro medio electrónico é válido para efectuar os pagos por multas, sancións, etc...ademais dos outros que se relacionan nos outros apartados do artigo 98.2 da LPAC, non fai ao enunciado da resposta d) impreciso, nin fai que non se corresponda coa vontade do lexislador como afirma o alegante e nin moito menos o converte en incorrecto, polo que o Tribunal acorda inadmitir esta alegación. Finalmente, polo que se refire á impugnación da pregunta 43 o Tribunal remítese ao acordado no punto primeiro.

DÉCIMO: Respecto da alegación presentada por D. Sergio Suárez Pose con data de 5/06/2024 (RE nº 202499900001281), na medida en que se trata dunha reiteración da presentada polo mesmo interesado en data de 30/05/2024 (RE nº 202499900001229) o tribunal reitérase no xa acordado no punto cuarto, non entendendo ben cal é o sentido e o obxecto de volver a presentar a mesma alegación.

Polo tanto á vista de todo o acordado, procédese polo tanto á anulación da pregunta 3 pasando a valorarse a primeira pregunta de reserva e igualmente a dar como válida na pregunta 43 a resposta c) en lugar da b) sendo corrixidos de novo os exercicios realizados cos novos parámetros dando lugar aos seguintes resultados:

Aspirantes que teñen superado a primeira proba:

Nº	CÓDIGO	PUNTUACIÓN	NOME	APELIDOS
1	11	9,25	Ana Inmaculada	Vallés Rechou
2	06	8,50	Manuel	Ruda López
3	37	8,40	Marlén	González Amado
4	21	7,90	Jessica	Padín Rey
5	04	7,65	Alejandra	Viaño Rey
6	52	7,55	María Belén	Díaz Sixto
7	26	7,30	Paula	Martínez Cereijo
8	59	7,25	Ana Cristina	Cortegoso Acuña
9	12	7,20	Jorge	Vázquez Liñeira
10	16	7,15	Raquel	Regueira Fandiño
11	33	7,15	Jesús Andrés	Iglesias Sánchez
12	42	7,10	Alexandra	Rodríguez Varela -Grandal
13	10	7,05	María Teresa	Vázquez Fraga
14	53	7,05	María Pilar	Diloy Farto
15	31	7,00	Sergio	Irigoyen Vázquez
16	54	6,95	Inés	Fernández Carreira
17	35	6,85	Isabel	González Lareu
18	20	6,75	María Jesús	Pena Búa
19	49	6,55	Francisco Javier	Figueiras Figueroa
20	15	6,50	Xesús Manuel	Ríos Pena
21	46	6,40	Tania	Garabatos Rodríguez
22	13	6,35	Daniel	Veira Ferrín
23	57	6,05	Silvia	Castro Blanco
24	28	6,00	Rosa María	Padín González
25	30	5,85	Marta	Rodríguez Patricio
26	17	5,70	Natividad	Pulleiro Liste
27	36	5,65	Laura	González Furelos
28	62	5,60	Aurora	Beceiro López
29	60	5,45	Ana María	Cortizas Díaz
30	51	5,45	Pablo	Díaz Cotelo
31	47	5,40	Cristina	Garabal Nieves
32	65	5,30	Loreto	García García
33	32	5,25	Rocío	Ignacio Rial
34	55	5,25	Javier	Fernández López
35	58	5,15	María Jesusa	Castro Sucasas

Aspirantes que NON teñen superado a primeira proba:

Nº	CÓDIGO	PUNTUACIÓN	NOME	APELIDOS
1	08	4,99	Sergio	Suárez Pose
2	19	4,80	Lía	Peón Carracelas
3	23	4,70	Lorena	Juncal Silveira
4	63	4,60	María Gabriela	Cabanas Veiras
5	29	4,50	Beatriz	Rodeiro Fernández
6	43	4,25	Inés	Fuster Sanjurjo
7	24	4,00	Lía Arantza	Martearena González
8	56	4,00	Pamela	Cañón Sánchez
9	64	3,80	Area	Caldevilla Pita
10	22	3,60	Virginia	Juncal Gómez
11	18	3,60	Alba	Pereiro Pampín
12	27	3,25	Ana Belén	Moreira Seco
13	61	3,25	María del Carmen	Barreiro Miranda
14	25	2,90	Noemí	López Barbajosa
15	05	2,70	Beatriz	Ventosa Fernández
16	07	2,15	Juan	Sánchez Nouche
17	14	1,80	Magdalena	Rodríguez García
18	09	1,75	Miguel	Teijeiro Fernández
19	50	1,70	Eduardo	Fernández Vázquez
20	34	0,90	Diego	González Viqueira

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando de xeito electrónico os membros do Tribunal presentes.

PRIMEIRA PROBA PROCEDEMENTO SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 (Cód. RPT 01.01.02) E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO. - PLANTILLA RESPOSTAS

CÓDIGO _____

Nº PREGUNTA	RESPOSTA	Nº PREGUNTA	RESPOSTA	PREGUNTAS RESERVA	
				Nº PREGUNTA	RESPOSTA
1	B	26	B	1	B
2	A	27	A	2	A
3	A	28	B	3	D
4	D	29	D	4	D
5	B	30	C	5	A
6	A	31	C		
7	C	32	C		
8	D	33	A		
9	A	34	B		
10	A	35	C		
11	A	36	A		
12	C	37	A		
13	A	38	D		
14	D	39	A		
15	D	40	A		
16	B	41	A		
17	B	42	D		
18	A	43	B		
19	C	44	C		
20	D	45	A		
21	A	46	B		
22	D	47	A		
23	C	48	B		
24	B	49	B		
25	D	50	C		

PRIMEIRA PROBA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023 (Cód. RPT 01.01.02) E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Código nº _____

1.- Sinale a resposta incorrecta. Segundo o artigo 140 da Constitución Española:

- a) A Constitución garante a autonomía dos municipios.
- b) Mediante Real decreto regularase as condicións nas que proceda o réxime do concello aberto.
- c) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños.
- d) O goberno e administración dos Municipios corresponde aos seus respectivos Concellos, integrados polos Alcaldes e os Concelleiros.

2.- Sinale a resposta correcta. Segundo o artigo 141 da Constitución Española:

- a) A provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de municipios e división territorial para o cumprimento das actividades do Estado.
- b) O goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendados a Deputacións ou outras Corporacións de carácter xeral.
- c) Calquera alteración dos límites provinciais haberá de ser aprobada polas Cortes Xerais mediante lei.
- d) Non se poderán crear agrupacións de municipios diferentes da provincia.

3.- Son funcións do Parlamento de Galicia segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía:

- a) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade e comparecer ante o Tribunal Constitucional nos supostos e nos termos previstos na Constitución e na Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, por unha maioría de dous terzos de cada unha das Cámaras.
- b) Dirixir e coordinar a acción da Xunta de Galicia.
- c) Oustentar a representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.
- d) Todas as respostas son correctas

4. Sinale a resposta correcta. Según a Lei 39/2015:

a) Os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas seguintes:

- 1) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”.
- 2) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de carimbo electrónico expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”
- 3) Calquera outro sistema que as Administracións públicas consideren válido nos termos e condicións que se estableza, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade e previa comunicación á Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Esta comunicación virá acompañada dunha declaración responsable de que se cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente. De forma previa á eficacia xurídica do sistema, haberán de transcorrer tres meses desde a devandita comunicación, durante os cales o órgano estatal competente por motivos de seguridade pública poderá acudir á vía xurisdiccional, previo informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguridade, que deberá emitir no prazo de dez días desde a súa solicitude

As Administracións Públicas poderán garantir que a utilización dun dos sistemas previstos en los apartados 1) e 2) sexa posible para todo procedemento, aínda cando se admita para ese mesmo procedemento algún dos previstos no apartado 3).

b) En relación cos sistemas de identificación previstos no apartado 3) anterior, a Lei 39/2015 establece a obrigatoriedade de que os recursos técnicos necesarios para a recollida, almacenamento, tratamento e xestión dos devanditos sistemas atópanse situados en territorio español, e en caso de tratarse de categorías especiais de datos aos que se refire o artigo 9 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, en territorio da Unión Europea. En calquera caso, os datos atoparanse dispoñibles para o seu acceso por parte das autoridades xudiciais e administrativas competentes.

c) No caso de que os interesados optasen por relacionarse coas Administracións Públicas a través de medios electrónicos, consideraranse válidos a efectos de firma, entre outros, calquera sistema que as Administracións públicas consideren válido nos termos e condicións que se estableza, aínda que non contén un rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade e previa comunicación á Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Esta comunicación virá acompañada dunha declaración responsable de que se cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente. De forma previa á eficacia xurídica do sistema, haberán de transcorrer tres meses desde a devandita comunicación, durante os cales o órgano estatal competente por motivos de seguridade pública poderá acudir á vía xurisdiccional, previo informe vinculante da Secretaría de Estado de Seguridade, que deberá emitir no prazo de dez días desde a súa solicitude.

d) A Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou firma regulada neste artigo. Estes rexistros ou sistemas deberán ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes Administracións Públicas, para os efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións.

5. Según a Lei 39/2015, señale a resposta correcta:

a) A presente Lei ten por obxecto regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos, o procedemento administrativo común a todas as Administracións Públicas, excluindo o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das Administracións Públicas, así como os principios aos que se ha de axustar o exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria.

b) Cando a condición de interesado derivase dalgunha relación xurídica transmisible, o dereito-habente sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento.

c) Para os efectos previstos na Lei 39/2015, terán capacidade de obrar ante as Administracións Públicas, entre outros, os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico coa asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela.

d) Para formular solicitudes, será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos nesta Lei 39/2015.

6. Segundo a Lei 39/2015, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, entre outros, os seguintes suxeitos:

a) As entidades sen personalidade xurídica.

b) Quen exerza unha actividade profesional para a que requírase colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da

devandita actividade profesional. En ningún caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.

c) Quen represente a un interesado que non estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

d) Todas as respostas son correctas

7. Segundo a Lei 39/2015, el transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución suspenderase nos seguintes casos:

a) Cando deba obterse un pronunciamento previo e preceptivo dun órgano da Unión Europea, polo tempo que medie entre a petición, que haberá de comunicarse aos interesados, e a notificación do pronunciamento á Administración instrutora, que tamén deberá serlles comunicada.

b) Cando exista un procedemento non finalizado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución de que se trate, desde que se teña constancia da súa existencia, o que deberá ser comunicado aos interesados, ata que se resolva, o que tamén haberá de ser notificado.

c) Cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento, desde que esta expóñase ata que sexa resolta polo superior xerárquico do recusado.

d) Cando para a resolución do procedemento sexa indispensable a obtención dun previo pronunciamento por parte dun órgano xurisdiccional, desde o momento en que se solicita, o que haberá de comunicarse aos interesados, ata que a Administración teña constancia do mesmo, o que tamén deberá serlles comunicado.

8. Sinale a resposta incorrecta:

a) Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada.

b) A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.

c) A desestimación por silencio administrativo ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

d) O certificado acreditativo do silencio producido expedirase a instancia de parte polo órgano competente para resolver no prazo de quince días desde que expire o prazo máximo para resolver o procedemento.

9. Sinale a resposta incorrecta. Segundo a Lei 39/2015, os prazos computaranse:

a) Se o prazo fíxase en meses ou anos, estes computaranse a partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

b) Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.

c) Cando os prazos sinaláronse por días naturais por decláralo así unha lei ou polo Dereito da Unión Europea, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

d) Os prazos expresados por horas contaránse de hora en hora e de minuto en minuto desde a hora e minuto en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate e

non poderán ter unha duración superior a vinte e catro horas, nese caso expresaranse en días.

10. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de:

- a) 10 días hábiles a partir da data en que o acto fose ditado.
- b) 15 días hábiles a partir da data en que o acto fose ditado.
- c) 10 días naturais a partir da data en que o acto fose ditado.
- d) 15 días naturais a partir da data en que o acto fose ditado.

11. Os actos administrativos serán obxecto de publicación:

a) cando así o establezan as normas reguladoras de cada procedemento ou cando o aconsellen razóns de interese público apreciadas polo órgano competente.

b) cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade determinada de persoas ou cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, sendo, neste último caso, adicional á individualmente realizada.

c) cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo. Neste caso, a convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións, tendo validez as que se leven a cabo en lugares distintos.

d) Todas as respostas son correctas.

12.- Segundo a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- a) todos os provedores que entregasen bienes ou prestado servizos á Administración Pública terán que expedir e remitir factura electrónica
- b) as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente da obriga de facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 3.000 euros .
- c) todos os provedores teñen dereito a ser informados sobre o uso da factura electrónica a través do órgano, organismo público ou entidade que determine cada Administración Pública .
- d) todas as anteriores son verdadeiras.

13.- Segundo a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, cando unha Administración Pública non dispoña de Punto xeral de entrada de facturas electrónicas nin se adheriu ao doutra Administración, o provedor terá dereito a presentar a súa factura :

- a) no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado .
- b) no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Comunidade Autónoma.
- c) no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Deputación Provincial .
- d) en calquera Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

14.- Sinale a resposta correcta:

a) os orzamentos xerais das entidades locais constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como mínimo, poden recoñecer a entidade, e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local correspondente

- b) sobre a base dos orzamentos e estados de previsión aos que se refire o artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, o presidente da entidade formará o orzamento xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados no apartado 1 do artigo 166 e no presente artigo desta lei, ao Pleno da corporación antes do día 15 de setembro para a súa aprobación, emenda ou devolución
- c) a copia do orzamento e das súas modificacións deberá acharse ao dispor do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación inicial ata a definitiva.
- d) O orzamento xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da corporación, se o tivese, e, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial e remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente comunidade autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao boletín oficial.

15.- Segundo o artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, ao orzamento da Entidade Local haberá de unirse a seguinte documentación, entre outra:

- a) Anexo con información relativa aos convenios subscribidos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigacións de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento xeral e das obrigacións pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobranza, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que estes convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- b) O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.
- c) Un informe económico-financieiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

16.- Segundo o artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, as entidades locais poderán establecer taxas:

- a) pola obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bienes como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter local, polas entidades respectivas.
- b) pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.
- c) pola prestación de servizos ou a realización de actividades da competencia da entidade local, sempre que sexa de solicitude ou recepción voluntaria para o administrado e que se realicen polo sector privado.
- d) todas son correctas.

17. Sinala a resposta correcta:

- a) As entidades locais publicarán, en todo caso, os anuncios de exposición no boletín oficial da provincia, ou, no seu caso, no da comunidade autónoma uniprovincial. As deputacións provinciais, os órganos de goberno das entidades supramunicipais e os concellos de poboación superior a 5.000 habitantes deberán publicalos, ademais, nun diario dos de maior difusión da provincia, ou da comunidade autónoma uniprovincial.
- b) En todo caso, as entidades locais haberán de expedir copias das ordenanzas fiscais publicadas a quen as demande.
- c) As deputacións provinciais, consellos, cabidos insulares e, en todo caso, as demais entidades locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes, editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro trimestre do exercicio económico correspondente.
- d) Os acordos provisionais adoptados polas corporacións locais para o establecemento, supresión e ordenación de tributos e para a fixación dos elementos necesarios en orde á determinación das respectivas cotas tributarias, así como as aprobacións e modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, expoñeranse no taboleiro de anuncios da Entidade durante quince días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

18. Os Concellos esixirán, de acordo co establecido no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais e as disposicións que a desenvolven, os seguintes impostos:

- a) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas e o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- b) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e o Imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- c) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o Imposto sobre construcións, instalacións e obras e o Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza rústica.
- d) O Imposto sobre Bens Inmóbles, o Imposto sobre Actividades Económicas, o Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, o Imposto sobre construcións, instalacións e obras e o Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

19. Sinala a resposta incorrecta:

- a) O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.
- b) Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- c) En ningún caso o órgano competente procederá ao prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións

d) Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.

20. Son obrigacións do beneficiario dunha subvención:

- a) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- d) Todas as respostas son correctas.

21. A presentación de contas xustificativas inexactas ou incompletas en materia de subvencións, constitúe:

- a) Infracción leve
- b) Infracción grave
- c) Infracción moi grave
- d) Non constitúe infracción

22.- Indique a proposición incorrecta de entre as que seguen:

a) Enténdese por denuncia, o acto polo que calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obrigación legal, pon en coñecemento dun órgano administrativo a existencia dun determinado feito que puidese xustificar a iniciación de oficio dun procedemento administrativo. Cando a denuncia invocase un prexuízo no patrimonio das Administracións Públicas a non iniciación do procedemento deberá ser motivada e notificarase aos denunciante a decisión de se se iniciou ou non o procedemento.

